

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSION EN LINGUA INGLESA "VIGO EN INGLÉS 2016"

1º COMO SOLICITAR A AXUDA

Entra na web www.vigoeningles.org , descarga os anexos correspondentes e entregaos xunto coa documentación necesaria no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 9,00 a 13,30 horas e os sábados en horario de 9,00 a 13,00 horas, dentro do prazo de presentación de solicitudes

2º REQUISITOS

a)Estar a cursar 2º de Bacharelato nun centro educativo do Concello de Vigo durante o curso académico 2015/2016

b)Ter aprobadas todas as materias de 1º de Bacharelato.

c)Ter obtido como mínimo unha nota de 6 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 1º de Bacharelato.

d)Estar empadroado no Concello de Vigo (vixencia mínima 01/01/2016)

e)Non ter concedida, no ano 2016, outra axuda coa mesma finalidade.

f)DNI/NIE ou pasaporte en vigor (vixencia mínima de 6 meses).

3º DOCUMENTACION QUE TES QUE PRESENTAR

a)Solicitud de praza debidamente cuberta e asinada polos solicitantes, segundo modelo que figura no **Anexo I**.

b)Fotocopia simple do DNI/NIE ou pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses) do/a alumno/a solicitante

c)Fotocopia simple do DNI/NIE dos solicitantes (pai e nai ou titor legal) que asinan a solicitude de participación do Anexo I

d) **Anexo II e** Certificación académica orixinal emitida e selada polo centro educativo.

e)Xustificación de ingresos: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo a solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia de última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

f)Autorización asinada polo pai/nai ou titor legal, segundo o modelo que figura no **Anexo III**.

g)Fotocopia simple do libro de familia na que figuren todos os membros de unidade familiar ou documentación acreditativa da titoría legal e, de ser o caso, acreditar documentalmentemente outras circunstancias familiares (familia numerosa, pai/nai solteiro/a, divorcio ou separación, viúvo/a, discapacidade.....)

h)Declaración de non ter concedida, no ano 2016, outra axuda coa mesma finalidade, segundo o modelo que figura no **Anexo IV**.

i)No caso de que o participante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.

4º PRAZO DE PRESENTACIÓN E RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS

O prazo de presentación de solicitudes é do **luns 15 de febreiro ao venres 26 de febreiro de 2016**, ambos inclusive.

A partir da data de publicación da concesión das prazas definitivas na páxina web haberá un prazo de 5 días hábiles para presentar por escrito a aceptación ou a renuncia da praza concedida segundo o modelo do **Anexo V** e, de ser o caso o xustificante de ingreso bancario da achega correspondente.

CONSULTAS

Na web www.vigoeningles.org ou dirixirse ao Servizo Municipal de Educación. Concello de Vigo , Praza do Rei s/n, Planta 11ª

E-mail: vigoeningles@vigo.org

Tfno: 986-810181

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO

